

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 31 DE MARZO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

No salón de sesións da Casa do Concello, sendo as vinte horas do día trinta e un de marzo de dous mil dezaseis, presidida polo señor alcalde, D. Darío Antonio Piñeiro López, e coa asistencia dos concelleiros e concelleiras D. Pablo Rivera Capón, D<sup>a</sup>. Begoña López Magdalena, D. José Manuel García Aldegunde, D. Óscar Rodríguez Somoza, D. Santiago Cubillas Álvarez, D<sup>a</sup> Asunción Núñez Valcárcel, D. Daniel Antonio Fernández Fernández, D. José Manuel Neira Castro e D. Iago Bande Cortizo reuniuse o pleno do concello, para realizar a sesión ordinaria. Dá fe do acto a secretaria do Concello D<sup>a</sup> Mónica Vázquez Fandiño.

Xustifica a súa ausencia e non asiste o concelleiro do grupo mixto, concelleiro de CXG . D. Carlos Fernández Díaz.

Aberto o acto pola Presidencia procédese a tratar da seguinte

### **ORDE DO DÍA**

Antes de comenzar a tratar os asuntos da orde do día, realízase o sorteo das rifas repartidas na Festa do Mexillón. Extrae o número un veciño entre o público asistente. O gañador dunha estancia para unha fin de semana nu balneario é o número 566 entregado no Bar Puchas.

O señor Bande Cortizo plantexa se o premio podería ser un vale a gastar entre os establecementos do Concello.

O señor alcalde di que non cre que agora se poida cambiar xa que están así as bases.

#### **1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior 28/01/2016.**

Pola presidencia pregúntase aos señores concelleiros se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión de referencia.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez di que no punto 9.2.b da acta desa sesión onde se recolle a súa intervención <<*favoritismos e que saben a que se refire pero que non o pode dicir no pleno*>> debe cambiarse por <<*favoritismos e que saben a que se refire pero que non o quere dicir no pleno*>>.

Coa observación realizada a acta é aprobada por nove concelleiros dos asistentes e coa abstención do concelleiro D. José Manuel Neira Castro xa que non asistiu á sesión realizada o día 28/01/2016.

#### **2.- Dar conta das resolucións de alcaldía.**

Deuse conta dos decretos desde o un de xaneiro de 2016, número 1, ata o 29 de febreiro de 2016, co número 32.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, pregunta polo decreto nº 6 relativo á extinción do contrato de Mercedes Maseda Martínez. Cre que o motivo non é económico xa que o substituto ten honorarios superiores.

O señor alcalde dille que o contrato coa arquitecta estaba en situación irregular.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez lembra unha xuntanza de voceiros do mes de setembro e quedou de ofrecer máis horas a esta profesional. Quero saber os motivos do cambio de opinión. Se pasou algo.

O señor alcalde dille que Mercedes acumulaba moito retraso nos expedientes, ademáis de estar en situación irregular. Eu podo pensar que preguntas porque Mercedes tentou favorecerse.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez di "Pero o contrato que se lle fixo ó outro profesional non se lle podía facer a Mercedes?"

O señor alcalde di "O contrato con este arquitecto vains permitir non gastar en honorarios de redacción de proxectos técnicos".

O Pleno quedou enterado.

### **3.- Dar conta do informe de intervención de avaliación do Plan de Axuste.**

Deuse lectura ó informe de intervención de 29 de xaneiro de 2016 remitido á Oficina virtual das Entidades Locais que se transcribe:

#### ***"INFORME DE INTERVENCIÓN DE EVALUACIÓN DEL PLAN DE AJUSTE 4º TRIMESTRE 2015***

*De conformidad con lo dispuesto en el artículo 10 del Real Decreto-ley 7/2012, de 9 de marzo, por el que se crea el Fondo para la Financiación de los Pagos a Proveedores, las Entidades locales que concierten las operaciones de endeudamiento previstas en este real decreto-ley, deberán presentar anualmente al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas un informe del interventor sobre la ejecución de los planes de ajuste contemplados en el artículo 7 del Real Decreto-ley 4/2012, de 24 de febrero. De dicho informe se dará cuenta al Pleno de la Corporación Local.*

*El presente informe de seguimiento del plan de ajuste deberá referirse a 31.12.2015 y remitirse antes del 31/01/2015.*

*A estos efectos, en el art. 10.3 de la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera desarrolla el contenido mínimo, que estará compuesto de lo siguiente*

*a) Resumen trimestral del estado de ejecución del presupuesto. Si se trata de Corporaciones Locales incluidas en el ámbito subjetivo de los artículos 111 y 135 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales también se incluirá información referida a la previsión de liquidación del ejercicio, considerando la ejecución trimestral acumulada.*

*b) Ejecución de las medidas de ingresos y gastos previstas en el Plan y, en su caso, de las medidas adicionales adoptadas.*

*c) Comparación de los detalles informativos anteriores con las previsiones contenidas en el Plan para ese año y explicación, en su caso, de las desviaciones.*

*A la vista del avance de la liquidación del presupuesto del año 2015, y de los datos grabados en la plataforma que obran en la Oficina virtual de coordinación financiera de las Entidades Locales y de conformidad con el artículo 4.1.h) del Real Decreto 1174/1987, de 18 de septiembre, por el que se regula el Régimen*

Jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito el siguiente

**INFORME**

**PRIMERO.** Ejecución de las medidas de Gasto e Ingresos previstas en el Plan y otras medidas adicionales adoptadas y no previstas en el mismo.

*Medidas de Ingresos Propuestas:*

- Medida nº 1; No han existido supresión de bonificaciones ni de exenciones en ningún impuesto.

*Medidas de Gastos Propuestas:*

- Medida nº 1: No se produce la subida del tipo impositivo de tipo de gravamen.
- Medida nº 3: Implantadas las medidas, excepto en lo relativo a control de los presupuestos de obras menores, aunque en el último trimestre del ejercicio se comprueba que así sea.
- Medida nº 5: No se aplican la totalidad de las ordenanzas municipales, vados, expedición de documentos,

*Medidas Adicionales adoptadas y no previstas en el Plan de Ajuste:*

- Ninguna

**TERCERO.** Los cálculos del remanente de tesorería y des resto de magnitudes presupuestarias son derivados de los datos de la contabilidad municipal en avance, ya que la liquidación de 2015 con los datos que arroja la aplicación informática carece de información relativa proyectos de gasto y desviaciones de financiación. Se intentarán calcular todas las magnitudes que exige la normativa en materia de estabilidad presupuestaria con la liquidación definitiva del presupuesto.

**DEUDA VIVA:**

|                                                       |                                |
|-------------------------------------------------------|--------------------------------|
|                                                       | <i>Deuda viva a 31/12/2015</i> |
| <b>Deuda viva:</b>                                    |                                |
| <i>A corto plazo (operaciones de tesorería):</i>      | 0 €                            |
| <i>A largo plazo:</i>                                 | 133.093,96                     |
| <i>Operación endeudamiento RDL 4/2012:</i>            | 68.018,78 €                    |
| <i>Resto operaciones endeudamiento a largo plazo:</i> | 201.112,74                     |

**AHORRO NETO:**

|                                                           |                |
|-----------------------------------------------------------|----------------|
|                                                           | <b>2015</b>    |
| + Capítulos 1 a 5 del Estado de ingresos del ejercicio    | 1.653.123,16 € |
| -Capítulos 1,2,3,4 y 9 del Estado de gastos del ejercicio | 1.499.067,17 € |
| = Ahorro Neto                                             | 3.152.190,33 € |

**REMANENTE DE TESORERÍA:**

|                               |
|-------------------------------|
| <b>REMANENTE DE TESORERÍA</b> |
|-------------------------------|

|          |                                                      |                       |
|----------|------------------------------------------------------|-----------------------|
| 1        | Derechos pendientes de cobro (+)                     | 639060,68 €           |
| 2        | Obligaciones pendientes de pago (-)                  | 157.801,48 €          |
| 3        | Fondos líquidos a fin de ejercicio (+)               | 660.072,98 €          |
| <b>4</b> | <b>Remanente de Tesorería (1-2+3)</b>                | <b>1.141.332,18 €</b> |
| 5        | Saldo de dudoso cobro (-)                            | 176.435,61 €          |
| 6        | Exceso de financiación afectada (-)                  | 2.071,73 €            |
| 7        | Remanente de Tesorería para gastos generales (4-5-6) | 962.824,84 €          |

— Saldo de las obligaciones pendientes de aplicar al Presupuesto de gastos a 31 de diciembre de 2015: 0 €

— Saldo de devoluciones de ingresos pendientes de aplicar al Presupuesto a 31 de diciembre de 2015: 0 €

De los datos consignados en la ejecución presupuestaria esta intervención observa que se han aplicado algunas de las medidas del plan de ajuste, pero los objetivos para 2015 quedan lejos de las previsiones consignadas en el mismo. El resto de los parámetros como el periodo medio de pago se cumple con normalidad.

Lo que se informa en cumplimiento de lo dispuesto en el Real Decreto- ley 4/2012, de 24 de febrero, por el que se determinan obligaciones de información y procedimientos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para el pago a los proveedores de las entidades locales motivado en las desviaciones apreciadas.

Se proponen la adopción de las siguientes medidas para el ejercicio 2016 para llevar a buen cumplimiento el Plan de Ajuste:

- Aplicación real de todas las ordenanza municipales y lograr equilibrios entre los costes del servicio y los ingresos.
- Reducción de gasto corriente (capítulo 2)

Igualmente se informa que con ocasión de la remisión de los datos del tercer trimestre consta un error en la ejecución trimestral acumulada en materia de ingresos, debiendo sustituirse la cifra 87,57 por 8,75”.

O Pleno quedou enterado.

#### **4.- Dar conta da aprobación da liquidación orzamento 2015.**

Deuse conta do decreto de aprobación da liquidación de 26 de febreiro de 2016:

“Decreto.- A Pobra de San Xiao (Láncara), 26 de febreiro de 2016

Visto o expediente de Liquidación do Orzamento de 2015 debidamente informado pola intervención en cumprimento do disposto no artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo,

De conformidade co disposto no citado artigo 191.

Resolvo,

Primeiro.- Aprobar a liquidación do orzamento de 2015.

#### **I. RESULTADO PRESUPUESTARIO:**

#### **IMPORTES**

Dereitos recoñecidos netos.....1.770.200,30

| Consellería | Programa | Obra ou servizo solicitada | Presuposto | Solicitado | Estado |
|-------------|----------|----------------------------|------------|------------|--------|
|-------------|----------|----------------------------|------------|------------|--------|

*Obrigas recoñecidas netas.....1.808.628,59*  
*Resultado presupostario (1-2).....-38.428,29*  
*Desviacións positivas de financiación.....0,00*  
*Desviacións negativas de financiación.....53.174,07*  
*Gastos financiados con Rte. Líquido de Tesourería.....107.475,64*  
*Resultado presupostario axustado (3-4+5+6+7).....122.221,42*

## **II. REMANENTE DE TESOURERÍA.**

1.- (+) Fondos líquidos en Tesourería fin exercicio.....660.072,98  
2.- (+) Dereitos ptes. de cobro fin exercicio.....627.351,40  
    *De Presuposto ingresos. pto. corrente.....277.507,82*  
    *De Presuposto ingresos.ptos pechados.....340.419,78*  
    *De outras operacións non Presupostarias.....9.423,80*  
    *Menos=Ingr.realizados pdtes.aplicac.dftva.....0,00*  
3.- (-) Obrigas pdtes. pago fin exercicio.....157.821,09  
    *De Presuposto gastos. pto corrente.....36.838,50*  
    *De Pto. Gastos. Ptos. pechados.....41.131,77*  
    *De outras operac. non presupostarias.....79.850,82*  
    *Menos= pagos realizados pdtes. aplic.dftva.....0,00*  
4.- Remanente de Tesourería afectado a gastos con  
    *financiación afectada.....0,00*  
    *Saldos de dubidoso cobro.....176.435,61*  
    *Remanente Tesourería gastos xerais (1+2-3-4-saldos dubidoso*  
*cobro).....953.167,68*  
**REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL.....953.167,68**  
    (1+2-3)

## **III. REMANENTE DE CREDITO**

1.- Presuposto definitivo.....2.014.307,49  
2.- Obrigas recoñecidas netas.....1.808.628,59  
3.- Remanente de Crédito.....205.678,90  
4.- Créditos de Incorporación Obrigatoria.....1.666,66  
    *Comprometidos.....1.666,66*  
    *Non comprometidos.....0,00*  
5.- Créditos de Incorporación non obrigatoria.....5.858,82  
    *Comprometidos.....5.858,82*  
    *Non comprometidos (S.Autorizacións).....0,00*  
    *Non comprometidos (S.Crédito dispoñ.).....0,00*  
6.- Total Créditos Incorporables (4+5).....7.525,48  
7.- Créditos non incorporables (1-2-6).....198.153,42  
Segundo.- Da liquidación do orzamento de 2015, darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.  
Terceiro.- Da liquidación do orzamento remitirase copia á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma".

O pleno quedou enterado.

## **5.- Dar conta de todas as axudas solicitadas á Xunta de Galicia.**

Deuse conta dos seguintes expedientes:

|               |                                  |                                                                                                                                                                                          |           |                  |                 |
|---------------|----------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|------------------|-----------------|
| Traballo      | Mellora empregabilidade          | 1 socorrista                                                                                                                                                                             | 4500      | 100%             | Por conceder    |
| Traballo      | Mellora empregabilidade          | 1 Monitor deportivo e un peón                                                                                                                                                            | 9000      | 100%             | Por conceder    |
| Traballo      | Risga                            | 2 peóns                                                                                                                                                                                  | 10504,48  | 100%             | Por conceder    |
| Traballo      | Aedl                             | Axente de desenvolvemento local                                                                                                                                                          | 32372,89  | 9001,14          | Concedidos 7921 |
| Traballo      | Obradoiro de emprego             |                                                                                                                                                                                          |           |                  |                 |
| Traballo      | Programas mixtos (escola taller) |                                                                                                                                                                                          |           |                  |                 |
| Presidencia   | Infraestruturas                  | Individual, puntos de luz nos establos                                                                                                                                                   | 55465,19  | 80%              | Por conceder    |
| Presidencia   | Infraestruturas                  | Colectiva, obras compartidas con Sarria                                                                                                                                                  | 49704,56  | 80%              | Por conceder    |
| Presidencia   | Fondo de compensación ambiental  | Pista multideporte e adaptación aseos Praia fluvial                                                                                                                                      | 39995,22  | 80%              | Por conceder    |
| M.R. (Agader) | Plan Marco 2016                  | Obra proxecto de acceso a fincas                                                                                                                                                         | 102659,88 | 100% menos o ive | En tramitación  |
| Medio Rural   |                                  | Camiño de Seoane a pista de Santalla, cemiterio de Trasliste a Tadoufe, camiño en Bande desde A Forxa a Cruce coa pista de Golás, camiño en Cedrón, entrada e pasarela sobre o Río Neira |           |                  |                 |

O señor alcalde nunha primeira intervención explica as liñas de axuda nas que presentou solicitude o concello, ben sexa de forma individual ou conxunta agrupado con outros concellos.

Aberto o debate prodúcese as seguintes intervencións:

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Vostede trae ó pleno esta relación de axudas pero eu teño que dicirle que isto non ningunha marabilla, hai moitas outras liñas de axudas que non se pediron (e fai unha enumeración de convocatorias de axudas publicadas no DOG). Por qué non se pediron todas estas?, as solicitadas polo concello é o mínimo, non é para colgarse medallas. Senn falar das que deixan perder”.

Do señor alcalde: “Aínda volven con iso, cando non chegou nin o permiso de Confederación”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Trae isto ó pleno como se os anteriores equipos de goberno non pediran subvencións”.

Do señor alcalde: “Moitas das convocatorias que citou non son para entidades locais. Vamos esperar canto ven da Xunta para a Festa da Tenreira Galega, vaia vostede preguntar canto nos van dar”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Pide que interceda cando xa enviaron a solicitude. Saiba que o que hai aprobado de Medio Rural é a instancia do PP de Láncara”.

Do voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: “Preocúpese mellor das resolucións das convocatorias ás que nos presentamos que de de ver o DOG”.

Do señor alcalde dirxíndose ó señor Cubillas: “Trátasnos de tontos”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Que non se poñan medallas é o mínimo que lles podemos dicir. Eu non goberno”.

Do señor alcalde: “Hai pouco saíu no DOG que vostede cobrou 40.000 euros”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “iso é falso, eu non cobreí axuda alguha, o receptor é un CIF, somos cinco veterinarios. Que conste en acta que esixo que o señor alcalde amose o DOG onde se publica esa axuda”.

Do señor alcalde: “Non presentades contas nin nada. Medrao ti sabelo, eres socio”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Temos as contas presentadas, somos 320 socios. Que conste en acta que o señor alcalde me acusa de tonterías”.

Do señor alcalde: “É lamentable que critiques as axudas que pedimos cando aínda non nos deron nada”.

O pleno quedou enterado.

#### **6.- Dar conta e aceptación, no seu caso, das propostas feitas polo Instituto Geográfico Nacional en relación ó deslinde O Corgo-Láncara.**

Deuse conta de parte do contido das propostas que se conteñen no informe en relación co deslinde O Corgo-Láncara, destacando que nos lugares máis conflitivos a proposta é favorable ós intereses do noso Concello.

Ó non promoverse debate o pleno do Concello por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, amosa a súa conformidade ás propostas feitas polo Instituto Geográfico Nacional en relación ó deslinde O Corgo-Láncara.

#### **7.- Proposta de alcaldía relativa á delegación na Excma. Deputación Provincial de Lugo según ás novas bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público.**

Deuse lectura á proposta de alcaldía que se transcribe de 23 de marzo:

“Proposta de alcaldía relativa á delegación na Excma. Deputación Provincial de Lugo según ás novas bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público.

O pasado día 11 de febreiro tivo entrada no rexistro xeral do Concello o texto actualizado e as novas condicións das bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público na Deputación Provincial de Lugo

De conformidade co disposto no art. 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o art. 7 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e as bases aprobadas polo Pleno da Excm. Deputación Provincial de data 27/11/2007, ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar as novas condicións que han de rexer as delegacións realizadas polo Concello de Láncara, e nomeadamente a reforma das bases terceira e décima das bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público.

Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura do convenio e tódolos documentos que se precisen, así como para a execución das actuacións necesarias para levar a efecto este acordo”.

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, pr unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, prestou aprobación á transcrita proposición de alcaldía resolvéndoa nos seus propios termos.

#### **8.- Proposta de alcaldía relativa á recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes decembro de 2012.**

Deuse lectura á proposición de alcaldía de 21 de marzo de 2016 que é do seguinte teor literal:

“Proposta de alcaldía relativa á recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes decembro de 2012

A Disposición adicional duodécima da Lei 48/2015 de de 29 de outubro, de Presupostos xerais do Estado para 2016 establece

*“Un. Recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público.*

*1. Cada Administración Pública, no seu ámbito, poderá aprobar dentro do exercicio 2016, e por unha soa vez, unha retribución de carácter extraordinario cuxo importe será o equivalente ás cantidades aínda non recuperadas dos importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012, por aplicación do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, co alcance e límites establecidos na presente disposición.*

*2. As cantidades que, en cumprimento desta disposición adicional, poderán abonarse por este concepto, sobre o importe deixado de percibir por cada empregado en aplicación do artigo 2 do Real Decreto-lei 20/2012, serán as equivalentes á parte proporcional correspondente a 91 días da paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico e pagas adicionais do mes de decembro. Naqueles casos nos que non procedese o recoñecemento da*



totalidade da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012, os 91 días reduciranse proporcionalmente ao cómputo de días que correspondese.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, o cómputo da parte da paga extraordinaria e pagas adicionais que corresponde a 91 días, ou cifra inferior, realizarase, no caso do persoal funcionario ou estatutario, conforme ás normas de función pública aplicables en cada Administración, ou, no caso do persoal laboral, ás normas laborais e convencionais, vixentes no momento en que se deixaron de percibir as devanditas pagas. Las cantidades que se reconozcan por este concepto al personal a que se refiere el apartado 5 del artículo 2 del Real Decreto-ley 20/2012, por no contemplarse en su régimen retributivo la percepción de pagas extraordinarias o por percibir más de dos al año, serán las equivalentes a un 49,73 por ciento del importe dejado de percibir por aplicación del mencionado precepto.

As cantidades para abonar minoraranse nas contías que se satisfíxeron por estes mesmos conceptos e períodos de tempo como consecuencia de sentenza xudicial ou outras actuacións.

3. Cada Administración Pública poderá aprobar durante 2016 as medidas previstas neste artigo, tendo en conta a súa situación económico-financeira.

No caso de que en aplicación deste precepto fose máis dunha Administración á que lle correspondese efectuar o abono deste tramo de paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico e pagas adicionais do mes de decembro de 2012, cada Administración poderá abonar, como máximo, a parte proporcional deste tramo que lle correspondese facer efectiva en decembro de 2012.

4. As contías satisfeitas por aplicación do establecido nesta disposición minorarán o alcance das previsións contidas no apartado 4 do artigo 2 do Real Decreto-lei 20/2012.

(....)

Ao persoal que non se atopase en situación de servizo activo ou asimilada na data de entrada en vigor desta Lei ou que perdesse a condición de empregado público, as cantidades a que se refire a presente disposición seranlle abonadas polo ministerio, organismo ou entidade ao que correspondese abonar a paga extraordinaria, previa petición dirixida ao órgano de xestión de persoal, acompañada de certificación da habilitación de orixe dos importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes correspondentes ao mes de decembro de 2012.

(...)"

Tendo en conta que os funcionarios desta entidade xa recuperaron o importe correspondente a 92 días da paga extraordinaria de decembro de 2012, proponse ó pleno a adopción do seguinte acordo

Aboar o cómputo da parte da paga extraordinaria e pagas adicionais que corresponde a 91 días polos seguintes importes

**Nome**

**Importe 91 días**

|                            |         |
|----------------------------|---------|
| José López Castro          | 1675,47 |
| Gerardo Sobrado Ventosinos | 1146,51 |

|                                     |        |
|-------------------------------------|--------|
| Inés López Farelo                   | 818,53 |
| Jesús Núñez Ferreiro                | 652,79 |
| Teresa López Pernas                 | 954,29 |
| José Manuel Álvarez López           | 564,21 |
| Miguel Díaz Besteiro                | 574,14 |
| Marcos Vázquez Marey                | 285,75 |
| Antonio Rubén Sobrado Carballo      | 520,55 |
| M <sup>a</sup> Jesús López Loureiro | 327,21 |
| José Luis Varela Fernández          | 894,43 |
| Francisco Javier Capón Moreno       | 545,23 |

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, pr unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, prestou aprobación á transcrita proposición de alcaldía resolvéndoa nos seus propios termos.

**9.- Proposta de alcaldía relativa ó recurso de reposición contra o acordo do Pleno do Concello de 28/01/2016 desestimatorio das alegacións contra as bases específicas para a provisión do posto de secretaría intervención.**

Deuse lectura á proposta de alcaldía que se transcribe:

“Proposta de alcaldía relativa ó recurso de reposición contra o acordo do Pleno do Concello de 28/01/2016 desestimatorio das alegacións contra as bases específicas para a provisión do posto de secretaría intervención.

Antecedentes de feito.-

Primeiro.- O Pleno do Concello de Láncara en sesión realizada o día 28 de decembro de 2015, prestou aprobación ás bases específicas do concurso ordinario para a provisión do posto de traballo de secretaría-intervención.

Segundo.- Durante o prazo de exposición ó público, o día 26 de decembro de 2016 ten entrada no rexistro xeral do Concello alegacións que formula dona M<sup>a</sup> Cristina Varela García, interesada no procedemento pola súa condición de funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

Terceiro.- Por acordo do pleno en sesión realizada o día 28 de xaneiro de 2016 resólvese desestimar as alegacións formuladas por dona M<sup>a</sup> Cristina Varela García contra o acordo do pleno do concello de 28/12/2015 polo que se prestou aprobación ás bases específicas para a provisión do posto de secretaría intervención desta Entidade Local, xa que garanten a obxectividade na provisión do posto de secretaría intervención e están relacionados coas necesidades desta Corporación Local.

Cuarto.- O día 9 de marzo de 2016, dona Cristina Varela García presenta recurso de reposición solicitando a nulidade das bases aprobadas e a suspensión cautelar do acto impugnado.

Quinto.- Con data 16 de marzo solicítase informe do Servizo de Cooperación e Asistencia ós Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Emitido informe polo secretario interventor asesor, don Manuel Castiñeira Castiñeira que se xunta a esta proposta, no que conclúe

“CONCLUSIÓN

*Primeira.- A execución do acto administrativo recorrido, polo que se aproban as bases específicas que rexe a convocatoria do concurso ordinario para a provisión do posto de traballo de secretaría-intervención do Concello de Láncara, non causa prexuízos de difícil ou imposible reparación e, pola contra, a suspensión cautelar do mesmo si a produciría ao interese xeral e a terceiros.*

*Segunda.- En ningún caso resultan apreciables nas bases aprobadas, os vicios de nulidade de pleno dereito invocados pola recorrente.*

*Terceira.- Procede a desestimación da solicitude de suspensión cautelar do acto administrativo de aprobación das bases do concurso ordinario para a provisión do posto de traballo de secretaría-intervención do Concello de Láncara.*

*Cuarto.- Confirmar a conformidade a dereito das bases específicas aprobadas polo Concello de Láncara en sesión plenaria realizada o día 28 de decembro de 2015, con desestimación das pretensións formuladas pola recorrente polos motivos anteriormente expostos.”*

*Polo exposto, propónse ó Pleno adopción do seguinte acordo*

*Primeira.- Declarar que a execución do acto administrativo recorrido, polo que se aproban as bases específicas que rexe a convocatoria do concurso ordinario para a provisión do posto de traballo de secretaría-intervención do Concello de Láncara, non causa prexuízos de difícil ou imposible reparación e, pola contra, a suspensión cautelar do mesmo si a produciría ao interese xeral e a terceiros.*

*Segunda.- Declarar que en ningún caso resultan apreciables nas bases aprobadas, os vicios de nulidade de pleno dereito invocados pola recorrente.*

*Terceira.- Desestimar a solicitude de suspensión cautelar do acto administrativo de aprobación das bases do concurso ordinario para a provisión do posto de traballo de secretaría-intervención do Concello de Láncara.*

*Cuarto.- Confirmar a conformidade a dereito das bases específicas aprobadas polo Concello de Láncara en sesión plenaria realizada o día 28 de decembro de 2015, con desestimación das pretensións formuladas pola recorrente polos motivos anteriormente expostos.”*

*Continúa o señor alcalde dicindo que para chegar a esta proposta solicitouse informe xurídico do Servizo de Cooperación e Asistencia da Deputación Provincial de Lugo, informe emitido polo secretario interventor asesor don Manuel Castiñeira Castiñeira, que nas súas consideracións xurídicas di:*

#### **“CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

#### **PRIMEIRA.- A MEDIDA CAUTELAR DE SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DE ACTOS EN VÍA DE RECURSO ADMINISTRATIVO. EXPOSICIÓN XERAL**

*A especial posición da Administración respecto dos particulares exteriorízase en numerosos aspectos, un dos que, sen dúbida o máis importante, vén constituído polo principio de autotutela, do que se derivan, a súa vez, dúas manifestacións certamente trascendentes: a autotutela declarativa ou executividade dos actos administrativos sen necesidade de acudir a instancias xurisdiccionais (artigo 56 da Lei 30 /1992) e, a autotutela executiva ou executoriedade, pola que a Administración pode executar por si mesma, mediante medios de execución forzosa, o contido dos actos administrativos (artigo 94 da Lei 30/1992).*

*Dos principios enunciados deriva a consecuencia xurídica de que, como regra xeral, os recursos administrativos e os contenciosos administrativos non suspenden de seu a execución dos actos impugnados. A finalidade desta posición da Administración Pública trae causa dos intereses xerais aos que a mesma serve, de forma que non se paralice a súa actividade orientada, como dicíamos, á satisfacción do interese xeral, xa que do contrario prexudicárase o interese público pola simple oposición dun particular.*

Agora ben, a aplicación ríxida desta regra xeral podería chegar a facer ilusorio o propio dereito de recurso que recoñecen as Leis a todo cidadán, xa que en moitos casos, a estimación a posteriori do recurso interposto non permitiría reconstruír a situación alterada polo acto recorrido. Por esta razón, para conseguir un equilibrio entre estes dous principios encontrados (a garantía do interese público e o dereito a unha efectiva defensa do particular) a Lei estableceu una excepción á regra xeral facultando á Administración, para suspender a execución dos actos recorridos nos concretos supostos previstos polo artigo 111 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

O artigo 111 da Lei 30/1992, establece xunto ao requisito da aparencia de bo dereito - cuxa aplicación específica informa o contido do suposto da letra b) do parágrafo 2-, outro suposto ou circunstancia habilitante: A causación de prexuízos de imposible ou difícil reparación polo acto cuxa suspensión se pretende, para o que se deberá ter en conta a debida ponderación entre tales danos e prexuízos, no suposto de existir, coa posible lesión ao interese xeral ou de terceiros.

O artigo 111 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, resulta do seguinte teor literal:

**“Artículo 111. Suspensión de la ejecución**

1. La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el perjuicio que se causa al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:

a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.

b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 62.1 de esta Ley.

3. La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurridos treinta días desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro del órgano competente para decidir sobre la misma, éste no ha dictado resolución expresa al respecto. En estos casos no será de aplicación lo establecido en el artículo 42.4, segundo párrafo, de esta Ley.

4. Al dictar el acuerdo de suspensión podrán adoptarse las medidas cautelares que sean necesarias para asegurar la protección del interés público o de terceros y la eficacia de la resolución o el acto impugnado.

Cuando de la suspensión puedan derivarse perjuicios de cualquier naturaleza, aquélla sólo producirá efectos previa prestación de caución o garantía suficiente para responder de ellos, en los términos establecidos reglamentariamente.

La suspensión podrá prolongarse después de agotada la vía administrativa cuando exista medida cautelar y los efectos de ésta se extiendan a la vía contencioso administrativa.

Si el interesado interpusiera recurso contencioso-administrativo, solicitando la suspensión del acto objeto del proceso, se mantendrá la suspensión hasta que se produzca el correspondiente pronunciamiento judicial sobre la solicitud.

5. Cuando el recurso tenga por objeto la impugnación de un acto administrativo que afecte a una pluralidad indeterminada de personas, la suspensión de su eficacia habrá de ser publicada en el periódico oficial en que aquél se insertó”.

Como vemos o artigo 111 da Lei 30/1992 esixe como supostos habilitantes para que a suspensión poida ser acordada a concorrencia dalgunha das dúas circunstancias seguintes:

- A causación de prexuízos de imposible ou difícil reparación polo acto cuxa suspensión se pretende.

- A fundamentación da impugnación do mesmo en algunha das causas de nulidade de pleno dereito contempladas no artigo 62.1 da lei 30/1992.

Agora ben, non é suficiente a concorrencia dalgunha das dúas circunstancias sinaladas, senón que hai que engadir unha terceira susceptible de modular, no seu caso, o acordo de suspensión. Referímonos concretamente á dobre necesidade, ponderable iso si, de que a suspensión:

- Non produza prexuízo ao interese público ou a terceiros.

- Non se produza ao recorrente un maior prexuízo do que lle causaría a executoriedade inmediata do acto.

O artigo 111 da Lei 30/1992, incorpora ao noso dereito positivo unha aplicación específica da doutrina do “*fumus boni iuris*” ou aparencia de bo dereito. A suspensión do acto recorrido ten nestes caos un fundamento teórico indiscutible, xa que a eficacia imedita dos actos administrativos é unha consecuencia da presunción legal de validez de que estes se benefician, presunción que non se dá, por hipótese, nos actos nulos de pleno dereito. Porén, esta segunda circunstancia habilitante é moi difícil de apreciar no procedemento incidental de suspensión, xa que obriga a unha anticipación do xuízo de fondo sobre a validez ou nulidade do acto recorrido, non sempre posible en tanto non remata a instrución do recurso. Nesta liña os Autos do 15 de xullo de 1988, 21 de marzo e 10 de xullo de 1989 e 8, 14, 19 e 20 de maio de 1992, entre outros moitos afirman que: “... só naqueles casos en que a nulidade aparece como algo ostensible e evidente podería resultar xustificada unha suspensión baseada naquela...”.

SEGUNDA.- ANÁLISE DOS REQUISITOS DE CARÁCTER OBXECTIVO QUE A MODO DE SUPOSTOS HABILITANTES SE ESTABLECEN POLO ARTIGO 111 DA LEI 30/1992

1. Que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

O primeiro suposto habilitante, para fundamentar a solicitude de suspensión é a necesidade de que a execución inmediata do acto sexa susceptible de producir prexuízos de imposible ou difícil reparación. É dicir, non se trata simplemente, de que o recorrente alegue a existencia de prexuízos, senón de que os mesmos deben quedar acreditados como de difícil ou imposible reparación, dito doutra maneira, non chega coa alegación desta circunstancia, senón que os prexuízos susceptibles de ser causados deben ser irreparables, de forma que a norma despraza a carga da proba desta irreparabilidade ao solicitante da suspensión.

No presente caso, a recorrente, alega que a non suspensión da execución do acto recorrido pode causar prexuízos de imposible ou difícil reparación posto que de adxudicarse o posto conforme a este baremo específico e posteriormente ser declarado nulo de pleno dereito, todos aqueles procedementos nos que intervise o seu adxudicatario, dada a importancia das funcións legalmente encomendadas ao secretario interventor, estarían viciados de nulidade”.

A previsión do artigo 111.2.a) relativa á circunstancia “que a execucion poidera causar prexuízos de imposible ou difícil reparación”, vén referida a prexuízos para o recorrente no para a administración autora do acto administrativo recorrido. Invocar esta circunstancia como invoca a recorrente endosando os prexuízos ao concello de Lánchara aducindo a posible afectación aos actos administrativos ditados no suposto de que, finalmente, se anularan as bases e con elas o acto de adxudicación do concurso ordinario,

non soamente é contraria a axeitada hermenéutica da disposición, senón que resulta francamente absurda. A xurisprudencia é pétrea na interpretación do *periculum mi mora* ligada a perda da finalidade lexítima do recurso se o acto se executa, véxase a Sentenza do TSX País Vasco do 7 de xullo de 2008 anteriormente referenciada.

Por outro lado o prexuízo para o concello que se alega pola recorrente afírmase baixo o seguinte razoamento "... de adxudicarse o posto e ser declarado posteriormente nulo de pleno dereito, todos aqueles actos nos que intervisen o seu adxudicatario, dada a importancia das funcións ecomendadas ao secretario-interventor, estarían viciado de nulidade...". Parece descoñecer a recorrente que desde 1985 os funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional non forman parte da corporación. É dicir, o secretario/a –interventor/a non intervéen na produción dos actos administrativos locais que son reservados aos órganos de goberno do concello, a súa posición é de fedatario, asesor e responsable da fiscalización interna; o funcionario non concorre á formación de vontade dos órganos decisorios municipais, de forma que a posible anulación do seu nomeamento non afectará a legalidade dos actos administrativos.

A maior abastanza un criterio contrario ao que aquí se defende valeiraría de contido ó principio de conservación dos actos administrativos ex artigo 66 da Lei 30/1992.

Non somentes estamos diante da inexistencia de prexuízos de imposible ou difícil reparación senón que, pola contra, a suspensión do acto si ocasionaría graves prexuízos ao interese público e a terceiros. Intereses cando menos tan amparables como os da recorrente, e así o impera o artigo 111, cando ordena a "... previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros...".

Así, a lesión ao interese municipal resulta clara xa que, o Concello de Lánacara veríase avogado a soportar unha situación de provisionalidade no desempeño do posto de secretaria-intervención, que xa se prolonga dende o 30 de outubro de 2015, data dende a que o posto está vacante, e que demanda a necesaria estabilidade deste posto esencial no organigrama do persoal ao servizo do Concello dadas as funcións que legalmente lle están reservadas.

Evidentemente a suspensión do concurso provoca graves prexuízos a terceiros, terceiros que son os participantes no concurso, e que verían defraudado o dereito a ser adxudicatarios do posto de traballo e a desempeñalo efectivamente unha vez culminado o concurso.

2. Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 desta Lei.

A recorrente alega esta circunstancia ao entender que as bases específicas aprobadas polo Concello de Lánacara incorren nas causas de nulidade de pleno dereito previstas polo artigo 62.1, letras a) e f). Estes vicios de nulidade son concretamente:

"Artigo 62.1.a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.

...//...

f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición"

E neste suposto concreto é clara a Sentenza do Tribunal Constitucional 30/08, de 25 de febreiro, que sentou doutrina no diferente rigor e intensidade co que operan os principios constitucionais segundo nos atopemos en procesos de ingreso na función pública ou en procesos de concursos de traslados ó afirmar que "es diferente el rigor e intensidad con que operan los principios de mérito y capacidad según se trate del inicial

ingreso en la función pública o del ulterior desarrollo o promoción de la propia carrera administrativa, pues en el supuesto de provisión de puestos de trabajo entre personas que ya han accedido a la función pública y, por ende, acreditado los requisitos de mérito y capacidad, cabe tener en cuenta otros criterios distintos enderezados a lograr una mayor eficacia en la organización y prestación de los servicios públicos o a satisfacer otros bienes constitucionalmente protegidos ( SSTC 192/1991 y 200/1991 )" (STC 365/1993, de 13 de diciembre, FJ 7 EDJ 1993/11305). Por tanto, con ciertas matizaciones cabe alegar la vulneración del art. 23.2 CE EDL 1978/3879 en un concurso de traslados como es el caso."

Dun exame da doutrina e ditámenes de órganos consultivos pode comprobarse que en materia de función pública, é outro gran ámbito xerador de peticións de revisión de oficio sobre a base do artigo 62.1.f) (xunto o urbanismo), e é doutrina, xa consolidada, que tanto o elemento temporal como a posesión dos títulos legalmente esixidos constitúen requisitos esenciais cuxa ausencia vicia de nulidade de pleno dereito o acto favorable correspondente.

No suposto do dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional, lígase pola recorrente ao dereito establecido polo artigo 22.3 da Constitución, polo que se garante o acceso en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos. Dereito que considera serlle vulnerado polas bases específicas na medida en que as cualifica "faltas de obxectividade e desproporcionalidade dos méritos incorporados ao baremo, producíndose así mesmo unha auténtica desviación de poder pola absoluta subxectividade de aqueles que presumen fundadamente unha provisión ad personam".

Nada máis lonxe da realidade, o baremo específico do concello de Láncara, resposta a un rigoroso canon de obxectividade e proporcionalidade nos méritos contemplados, e isto é así, precisamente, porque os méritos que nel se establecen como específicos, son concreción dos méritos xerais comprendidos polo tanto no baremo xeral, méritos do baremo xeral que endexamaís foi obxecto de recurso xurisdiccional ningún, porque efectivamente está integrado por méritos obxectivos, ligados á carreira e experiencia profesional, permanencia no posto de traballo e formación.

Dicir que recoller como méritos específicos os méritos xerais de: experiencia profesional ligada á permanencia no posto de traballo e cursos de formación e perfeccionamento, vicia de subxectividade e desproporcionalidade ao baremo é simplemente faltar a verdade, porque de ser así, tal acusación tería que facerse verbo do baremo de méritos estatais. Ao contrario, estes méritos son total e absolutamente obxectivos porque poden acadalos todos e cada un dos secretarios-interventores sen excepción, onde está logo a subxetividade?, onde a predeterminación ad personam?

A mellor proba do que dicimos é que as bases específicas teñen que superar os controis de legalidade tanto da Xunta de Galicia como do Estado, controis de legalidade que de ser desfavorables, determinarán a non inclusión das bases específicas aprobadas polo Concello de Láncara na convocatoria de concurso ordinario para a provisión de postos de traballo para funcionarios de Administración Local de carácter nacional.

A falta de rigor das alegacións feitas pola recorrente é boa mostra as súas afirmacións:

I.-A) Inexistencia de Relacións de Postos de Traballo e I.-F) Méritos ad personam "O incumprimento desta obriga legal supón, pola vía da inactividade municipal, a vontade de non describir obxectivamente as características e funcións dos postos de traballo da entidade local e, para o caso que nos ocupa, as do posto de Secretario Interventor. Deste xeito, o que se consegue é contar cunha ampla marxe de discrecionalidade á hora de determinar os méritos específicos, que deixan de ser obxectivos, para converterse nunha especie de "molde" que se adapte ó perfil do candidato ó posto". E volve repetir o mantido

nas súas alegacións aínda que advertindo xa que hai un máximo e un mínimo de permanencia que se valora “a aplicación deste baremo leva a resultados tan absurdos (sic) como que un funcionario que exercera o seu dereito á mobilidade durante toda a súa carreira en municipios de terceira non estivera como mínimo seis anos nun mesmo municipio quedaría con 0 puntos.

Segundo a recorrente pois, carecer de relación de postos de traballo imposibilitaría a aprobación polo pleno de méritos específicos para a provisión de postos de traballo, cando o propio artigo 27.2 establece que “ Os méritos específicos formarán parte integrante da relación de postos de traballo da corporación convocante, que así o deberá acreditar. De non estar incluídos nela, deberá figurar a motivación individualizada de cada un dos méritos no acordo plenario que se adopte para a aprobación das bases”. E segundo a recorrente tamén ó carecer de relación de postos de traballo ten o efecto de contar cunha ampla marxe discrecionalidade. Pois ben, discrecionalidade si, o que non converte estes méritos en ilegais, xa que a fixación destes méritos específicos apróbase polo Concello de Láncara discrecionalmente en función das súas particularidades ou necesidades; discrecionalidade que lle permite elixir entre varias opcións igualmente válidas ós efectos de ter en conta uns ou outros criterios como méritos específicos a baremar na selección do candidato idóneo para o posto. Pero discrecionalidade ampla non, xa que os méritos específicos aprobados son obxectivos e razoables, sendo lícito que como consecuencia desa puntuación un funcionario quede mellor puntuado que outros funcionarios, sen que isto supoña a “predeterminación do candidato”, toda vez que tales méritos poden ser acadados por unha grande parte dos funcionarios da subescala de secretaría intervención.

E que funcionarios que exerceran o seu dereito á mobilidade acaden 0 puntos non é un resultado absurdo, é obvio, xa que moi probablemente suceda en calquera fase de concurso para a provisión de postos de traballo e incluso en procesos de selección mediante concurso oposición. É máis, a finalidade última de calquera concurso é que un candidato quede mellor puntuado que outros, pois doutro xeito o sistema normal de provisión sería o sorteo.

I.B) Ausencia de motivación dos méritos específicos. A motivación dos méritos consta nos acordos plenarios de 28/12/2015 e 28/01/2016 e mesmo foron remitidos á Dirección xeral de Administración Local. Outra cousa é que esta motivación á recorrente non lle pareza idónea ou suficiente.

I.C) Duplicidade de méritos xerais. Se a permanencia é unha duplicidade cos méritos xerais, esta duplicidade debería predicarse tamén da mera experiencia profesional, cousa absurda que non se lle ocorre á recorrente.

I.D) Incompetencia da entidade local para determinar méritos autonómicos e duplicidade de méritos autonómicos. Se valorar servizos prestados en entidades locais galegas é unha duplicidade cos méritos autonómicos, o feito de valorar cursos de formación (cuestión que non discute a recorrente) debe ser unha duplicidade tanto cos méritos xerais como cos méritos autonómicos, cousa absurda que non se lle ocorre á recorrente.

I. -G) Desviación de poder. Fundamentada na afirmación gratuíta da recorrente de que as bases aprobadas son un instrumento para adxudicarlle o posto a un candidato predeterminado. Os méritos específicos aprobados polo Concello de Láncara son total e absolutamente obxectivos porque poden acadalos todos e cada un dos secretarios–interventores sen excepción que realizaran cursos de formación e permaneceran un mínimo de seis nun posto de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia con similares cifras de presuposto e poboación. A finalidade de provisión de postos e traballo mediante concurso ordinario non é a de escoller ó candidato máis axeitado tal e como sostén a



*recorrente, se non adxudicarlle o posto ó candidato con maior puntuación, como ocorre en todos os sistemas de provisión de postos de traballo, candidato con maior puntuación que debe equipararse a candidato con maiores méritos, non con candidato máis axeitado. Ademais a experiencia acompañada do requisito da permanencia valórase con arreglo a un baremo crecente e de forma razoable e proporcionada.*

*Polo que todas as alegacións feitas pola recorrente no recurso de reposición non son máis que meros desideratums que non son xuridicamente amparables. Os méritos aprobados polo Concello de Láncara son respectuosos cos principios constitucionais e a corporación límtase a aplicar a súa potestade de autoorganización ó valorar as súas necesidades.*

*Sentado que son axustados a dereito os méritos específicos aprobados, decae a invocación da desviación de poder, que carece de todo sustento probatorio”.*

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez) en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á trasncrita proposta de alcaldía e, en consecuencia:

Primeira.- Declarar que a execución do acto administrativo recorrido, polo que se aproban as bases específicas que rexen a convocatoria do concurso ordinario para a provisión do posto de traballo de secretaría-intervención do Concello de Láncara, non causa prexuízos de difícil ou imposible reparación e, pola contra, a suspensión cautelar do mesmo si a produciría ao interese xeral e a terceiros.

Segunda.- Declarar que en ningún caso resultan apreciables nas bases aprobadas, os vicios de nulidade de pleno dereito invocados pola recorrente.

Terceira.- Desestimar a solicitude de suspensión cautelar do acto administrativo de aprobación das bases do concurso ordinario para a provisión do posto de traballo de secretaría-intervención do Concello de Láncara.

Cuarto.- Confirmar a conformidade a dereito das bases específicas aprobadas polo Concello de Láncara en sesión plenaria realizada o día 28 de decembro de 2015, con desestimación das pretensión formuladas pola recorrente polos motivos anteriormente expostos.

#### **10- Proposta da alcaldía relativa á interposición de recurso contencioso administrativo contra a resolución de AGADER, desestimatoria do recurso de reposición presentado polo Concello.**

Deuse lectura á proposición epigrafada que é do seguinte teor literal:

“Proposta da alcaldía relativa á interposición de recurso contencioso administrativo contra a resolución de AGADER, desestimatoria do recurso de reposición presentado polo Concello.

Con data 22 de decembro de 2015 o Director xeral de AGADER resolve reducir o importe da subvención concedida inicialmente ó Concello de Láncara no montante de 13.576,50 euros co proxecto expte – PM14-32132-0054. “PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS OS NÚCLEOS RURAIS DE TRASLISTE, TOIRÁN, TOLDAOS, LÁNCARA E OUTROS DO CONCELLO DE LÁNCARA”, para o que se outorgara unha axuda polo importe de 111.314.00 €.

Mediante acordo da xunta de goberno local en sesión realizada o día 15 de xaneiro de 2016 interpón recurso de reposición contra a resolución de 22 de decembro do Director xeral de AGADER, de pagamento final en relación co

proxecto antes citado, en canto supón unha minoración da subvención concedida para a realización das obras

Coa data 17 de febreiro do actual, ten entrada no Concello de Láncara resolución de AGADER, desestimatoria do recurso de reposición presentado polo Concello, argumentando que non se causou indefensión nin lesión do principio de confianza lexítima e que non se poden admitir como subvencionables as melloras que corresponden coa execución de maior volume de obra.

Entendendo que a resolución citada non se axusta a dereito e é lesiva ós intereses deste Concello, dito sexa con absoluto respecto e en termos de estrita defensa xurídica, e visto o informe xurídico emitido ó efecto pola secretaria interventora.

Polo que respecta ao órgano competente, no art. 21 da lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dise que o Alcalde ostenta as atribucións que se relacionan no artigo. No apartado.1.k. figura o exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do concello en materias da súa competencia, incluso cando as delegara noutro órgano e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, neste suposto dando conta ao mesmo na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.

Aínda que a competencia para acordar a interposición do recurso contencioso administrativo contra a resolución de AGADER é de competencia desta alcaldía, con carácter previo interesa saber a opinión do pleno da corporación sobre a proposta do exercicio de accións xudiciais proposto, por considerar este asunto de interese xeral e polas consecuencias que poden derivar da defensa en sede xurisdiccional das pretensións deste concello

Polo exposto, propónse ó pleno que manifeste a súa conformidade, se procede, sobre a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Interpoñer recuso contencioso administrativo perante o Xulgado de lo Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela contra a resolución de AGADER desestimatoria do recurso de reposición presentado polo Concello contra a resolución 22 de decembro de 2015 de pagamento final da axuda concedida no expte PM14-32132-0054, pola que se minora o importe correspondente ás melloras do licitadores que ascende a 13.576,50 €.

Segundo.- Dar traslado do acordo de interposición do recurso contencioso administrativo ós letrados do Gabinete de Asesoramento e Defensa Xurídica das Corporacións Locais da Excma. Deputación Provincial de Lugo, encargados da defensa e representación deste Concello”.

O señor alcalde da a palabra á secretaria para que explique os motivos da interposición deste recurso. A secretaria explica que o Concello neste procedemento nada ten que perder, xa que non se pode agravar a situación inicial e que os servizos de defensa letrada da Deputación Provincial son gratuítos. Pode ser que o xuíz estime o defecto de forma alegado polo Concello e non entre no fondo do asunto, en consecuencia AGADER podería iniciar un novo procedemento en vía administrativa de perda de subvención. Se o xuíz entra a resolver sobre o fondo do asunto pode entender que o expediente de contratación do Concello non é conforme a dereito ou estimar as nosas pretensións. En calquera caso, sabemos

que hai moitos concellos que utilizaron como criterio de adxucicación ás melloras e que non se lles minorou o importe da subvención, e terán que explicar por qué.

Os voceiros dos grupos municipais popular e do BNG amosan a súa conformidade xa que nada temos que perder.

Concluído o debate, o pleno do Concello por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía resolvéndoa nos seus propios termos.

### **11.- Proposta da alcaldía en relación coa solicitude de subvención para o Obradoiro de Emprego RÍO NEIRA e Escola Obradoiro RÍO NEIRA.**

Deuse lectura á proposta de alcaldía de 2 de febreiro que é do seguinte teor literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO RÍO NEIRA.-

Vistas as ordes da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG núm. 248 de 30 de decembro) e pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

Vistos os proxectos redactados en orde a realizar conxuntamente entre os concellos de Baralla, Triacastela e As Nogais que comprende as especialidades de OBRADOIRO DE EMPREGO “RÍO NEIRA” e de ESCOLA OBRADOIRO “RIO NEIRA”, para a realización das actuacións que se detallan.

Visto que se asinou Convenio de Colaboración entre os Concellos de Baralla, Triacastela e As Nogais, para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro de Emprego e dunha Escola Obradoiro denominados “RÍO NEIRA”.

Á vista da documentación obrante ao respecto, a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 15 de febreiro do actual, adoptou entre outros, os seguintes acordos:

“Primeiro.- Aprobar o proxecto da ESCOLA OBRADOIRO “RIO NEIRA”, que contén as seguintes intervencións, que comezarán a partir de 16 de agosto de 2016:

- Láncara: “Tratamento de exteriores do Campo da Feira de Pobra de San Xiao Fase II”, proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.
- Baralla: “Acondicionamento de lavadoiros públicos e entorno de Pousada, San Xusto e Fachita” proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.
- As Nogais: “Acondicionamento de lavadoiro público e entorno de Castelo” proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.
- Triacastela: “Acondicionamento do camiño de Folgueiras” e “Acondicionamento de báscula pública e entorno de Vilabella” proxectos ambos redactados por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.

Segundo.- Aceptar a delegación realizada polos Concellos de Baralla, As Nogais e Triacastela para solicitar ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para

A ESCOLA OBRADOIRO PARA MENORES DE 25 ANOS ó abeiro da ORDE do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.", e solicitar unha subvención para o devandito programa de emprego-formación.

Terceiro.- Aprobar as actuacións seguintes, correspondentes ó Concello de Láncara, segundo constan nos seus correspondentes documentos técnicos, que se acompañan á solicitude: "Tratamento de exteriores do Campo da Feira de Pobra de San Xiao Fase II", proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339

Cuarto.- Declarar a plena dispoñibilidade das actuacións nos inmobles e áreas que afectan.

Quinto.- Aprobar a dotación para os gastos de financiamento e xestión da Escola Obradoiro para menores de 25 anos, por un importe de 12.000 €.

Sexto.- Aprobar o compromiso de dotar dos medios económicos para os gastos de materiais e ferramentas necesarios para o desenvolvemento das obras deste concello".

"Primeiro.- Prestar aprobación ó proxecto do Obradoiro de Emprego "Río Neira", que recolle as seguintes intervencións e que comezarán a partir do 16 de agosto de 2016:

– Láncara: "Tratamento de exteriores do Campo da Feira de Pobra de San Xiao. Fase II", proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339

– Baralla: "Acondicionamento de lavadoiros públicos e entorno de Pousada, San Xusto e Fachita" proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.

– As Nogais: "Acondicionamento de lavadoiro público e entorno de Castelo" proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.

– Triacastela: "Acondicionamento do camiño de Folgueiras" e "Acondicionamento de bascula pública e entorno de Vilabella" proxectos ambos redactados por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339.

Segundo.- Aceptar a delegación realizada polos concellos de Baralla, As Nogais e Triacastela para solicitar ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para o Obradoiro de Emprego ó abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016", e solicitar unha subvención para o devandito programa de emprego-formación.

Terceiro.- Aprobar as actuacións seguintes, correspondentes ó Concello de Láncara, segundo constan nos seus correspondentes documentos técnicos, que se acompañan á solicitude: "Tratamento de exteriores do Campo da Feira de Pobra de San Xiao. Fase II", proxecto redactado por D. Miguel Pose Fuentes, arquitecto Colexiado 2.339

Cuarto.- Declarar a plena dispoñibilidade das actuacións nos inmobles e áreas que afectan.

Quinto.- Aprobar a dotación para os gastos de financiamento e xestión do Obradoiro, por un importe de 12.000,00 €.

Sexto.- Aprobar o compromiso de dotar dos medios económicos para os gastos de materiais e ferramentas necesarios para o desenvolvemento das obras deste concello."

Visto que na lei 13/2015 de 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, da Comunidade Autónoma, no capítulo dedicado á administración local, no art. 60 establece que as entidades locais galegas poderán formalizar entre si convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas públicas da súa competencia. A cooperación deberá consistir na participación conxunta e efectiva do desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias.

Visto que de conformidade co establecido na vixente lexislación de réxime local, require a maioría absoluta do número legal de membros das corporacións a adopción de acordos que impliquen transferencia de funcións a outras administracións públicas, así como a aceptación de delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impoñan obrigatoriamente. Segundo o disposto na lei de procedemento administrativo, a eficacia dos actos das administracións públicas quedará demorada cando así o esixa o contido do acto, ou estea supeditado á súa notificación, publicación ou aprobación superior. Estímase polo tanto que a eficacia do acto queda supeditada á aprobación polo Pleno e en todo caso, á concesión da financiación pola CCAA para a realización das actuacións.

Á vista do actuado, propónse ao Pleno do Concello, a ratificación dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o quince de xaneiro de 2016 pola que se aproba o proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO RÍO NEIRA e ESCOLA OBRADOIRO RÍO NEIRA, a desenvolver conxuntamente polos Concellos de Baralla, Triacastela e As Nogais, aceptando as delegacións realizadas por ditos concellos para a tramitación administrativa das actuacións previstas no proxecto de referencia”.

O señor alcalde aclara que se cambiou o nome do Obradoiro a Río Neira en vez de Ramón Piñeiro porque este xa ía na sétima edición.

O non promoverse o debate, o pleno do Concello por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), e xa que logo, co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, en votación ordinaria, acorda, prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía resolvéndoa nos seus propios termos.

## **12.- Expediente de modificación de créditos nº 2/2016: concesión suplemento de crédito.**

O señor alcalde fai un resumo dos motivos deste expediente de modificación de créditos polo que se dotan suplementos de crédito por importe de 55.616,30 euros financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería. O destino destes créditos son para a amortización anticipada de débeda, que é o único para o que a normativa permite o emprego deste recursos financeiro. Estamos en disposición de adoptar estas medidas porque estamos acadando maiores niveis de eficiencia na xestión administrativa e polo tanto aforros, asumindo co persoal propio servizos que ata o de afora estaban externalizados e polas economías obtidas no gasto corrente logo da revisión dalgúns expedientes que viñan de atrás. Cando se aprobou o Plan de axuste neste pleno eu dende a oposición xa dixen que había partidas de gasto onde se podía tocar, e estamos demostrando que así era”.

O concelleiro do grupo municipal popular, señor Neira Castro, intervéñ para dicir que está ben amortizar débeda, pero que hai que ver como están as estradas.

O señor alcalde dille que está de acordo, pero que a normativa só permite empregar o remanente de tesourería en amortización de débeda, e que o superávit presupostario, que é o que se podería empregar para investimentos, ascende a pouco máis de mil setecentos euros.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo amosa a súa conformidade a que se liquide o Plan de Axuste, así poderemos facer as iniciativas que tiñamos en mente e no programa cando nos presentamos ás eleccións. É unha gran iniciativa.

O señor alcalde quere que todos saiban o gran traballo que están a facer os funcionarios.

Concluído o debate, o pleno do Concello por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar a proposta de modificación de créditos referida, debendo ser aplicadas as devanditas cantidades ás partidas que se refliten na memoria que motivou o expediente, e que se expresan a continuación:

#### **Suplementos de crédito**

| <b>Aplicación orzamentaria</b> |     | <b>Descrición</b>      | <b>Euros</b> |
|--------------------------------|-----|------------------------|--------------|
| 011                            | 913 | Amortización de débeda | 55.616,30    |
|                                |     | <b>TOTAL GASTOS</b>    | 55.616,30    |

Coas modificacións propostas, o resumo POR CAPÍTULOS dos Estados de Gastos do Presuposto quedaría como segue:

| <b>Gastos</b> | <b>Descrición</b>                   | <b>Consignación</b> | <b>Aumento</b> | <b>Definitivos</b> |
|---------------|-------------------------------------|---------------------|----------------|--------------------|
| 1             | Gastos de persoal                   | 640.087,49 €        |                | 640.087,49 €       |
| 2             | Gastos correntes en bens e servizos | 681.166,55 €        |                | 681.166,55 €       |
| 3             | Gastos financeiros                  | 5.000,00 €          |                | 5.000,00 €         |
| 4             | Transferencias correntes            | 1.500,00 €          |                | 1.500,00 €         |
| 5             |                                     |                     |                |                    |
| 6             | Investimentos reais                 | 235.061,10 €        |                | 235.061,10 €       |
| 7             | Transferencias de capital           | 0,00 €              |                | 0,00 €             |
| 8             | Activos financeiros                 | 0,00 €              |                | 0,00 €             |
| 9             | Pasivos financeiros                 | 25.461,53 €         | 55.616,30 €    | 81.077,83 €        |
|               |                                     | 1.588.276,67 €      | 55.616,30 €    | 1.643.892,97 €     |

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, coa inmediata exposición ó público, a efectos de exame e reclamacións.

Terceiro.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este, considerárase definitivamente aprobado, sin máis trámite, debendo cumprirse, a publicación no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

#### **13.- Recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2016.**

Deuse lectura á proposta de alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA A EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 3/2016.

Logo de examinar as seguintes facturas

- **Reboleira, SL.**, fac. nº 09-36/20415, aluguer autocar para excursión dos maiores do ano 2016, 1.507,00 euros.
- **Explotación de Canteras de Noroeste, SA.**, (Excansa)., fac. nº 62174, zorra para camino a Pedreira en Toirán, 200,42 euros.

- **Gas Natural Servicios SDG, S.A.**, facturación 13 recibos mes de decembro correspondentes a bombeos, alumeados públicos, grupo escolar, polideportivo, 7.337,09 euros
- **Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.**, 94 facturas alumeados públicos mes de decembro 6.088,09 euros.

Visto o informe da intervención municipal de hoxe

Polo exposto, proponse

Prestar aprobación ao expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2016, recoñecendo e liquidando as correspondentes obrigas derivadas das facturas antes epigrafas con cargo ao orzamento 2016 polos importes antes cifrados a favor dos respectivos acreedores”.

O concelleiro do grupo municipal popular, señor Neira Castro, pregunta se está solucionado o tema das facturas dos bombeos de Fenosa.

O señor alcalde dille que xa están corrixis.

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía relativa ó expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2016.

#### **14.- Mocións dos grupos.**

##### **14.1.- Moción do BNG sobre a creación do Regulamento do Pleno.**

O señor Bande Cortizo da lectura á moción epigrafas que é do seguinte teor literal:

“MOCIÓN sobre a Creación do REGULAMENTO do PLENO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Lánara non conta cun regulamento propio para a celebración dos Plenos municipais

No BNG de Lánara consideramos que, aínda que nos plenos impera un bo ambiente de debate e tódolos concelleiros teñen oportunidade de participar e interpelar ós outros concelleiros e o equipo de goberno, é necesario un regulamento no que se ampare esta forma de participación por parte de tódolos concelleiros.

Por outra parte, unha das promesas do BNG durante a campaña electoral foi a posibilidade da participación veciñal nos plenos, tendo uso de palabra e posibilidade de facer preguntas, tanto o equipo de goberno coma o resto de concelleiros.

Polo exposto, o BNG de Lánara somete á consideración do pleno o seguinte:

ACORDO

Que o Alcalde deste Concello realice as xestións oportunas para comezar coa elaboración e tramitación dun Regulamento para o Pleno”.

Despois de aclarar que a figura para municipios como o do de Lánara é un regulamento orgánico municipal, a secretaria queda en pasarlles un borrador co contido mínimo para que logo das propostas de todos os grupos se poida aprobar un regulamento.

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita moción do BNG sobre a creación do Regulamento do Pleno.


#### **14.2.- Moción do BNG sobre a ampliación do camiño das Bestas (entre Piñeiroá e Cereixosaos).**

O señor Bande Cortizo da lectura á moción epigrafada que é do seguinte teor literal:

“MOCIÓN sobre a ampliación do CAMIÑO DAS BESTAS (entre Piñeiroá e Cereixosaos)

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O camiño que comunica Riba de Olga, en Piñeiroá coa Capilla da Ermita, en Cereixosaos, atópase nun pésimo estado de conservación, cun firme moi irregular e cunha anchura mínima, que co paso da maquinaria de traballo vai empeorandoo tras ano. A pesar da importancia social do camiño, que vertebra Cedrón co acceso a grancantidade de fincas, a súa anchura mínima impide un normal desenvolto do traballo agrícola e gandeiro da zona.



Polo exposto, o BNG de Láncara somete á consideración do pleno o seguinte:

##### **ACORDO**

Que o Alcalde deste Concello realice as xestións oportunas e, con fondos propios ou doutras administracións, acometa a ampliación do camiño, para que poida ser transitable pola maquinaria agrícola necesaria para o traballo dese agro”.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Parécenos ben, pero hai que contar cos veciños se poden ceder os terreos necesarios”.

Do concelleiro do BNG, integrante do grupo mixto, señor Bande Cortizo: “Esta moción xa se tratou hai sete ou oito anos. Daquela daban permiso todos menos un; pero o da finca de enfrente a este deixaba o dobre”.

Do señor alcalde: “En decembro de 2004 xa trouxen eu esta moción a pleno. Ademáis hai unha memoria redactada de 2011 que valora as obras en 15.000 euros. Esta memoria só ven acompañada do permiso da metade dos



propietarios. Admáis hai que contar con patrimonio e coa confederación, xa que hai un castro e un río”.

Do concelleiro do BNG, integrante do grupo mixto, señor Bande Cortizo: “Pois esperemos que doce anos despois se poida facer”.

Concluído o debate, o o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita moción do BNG sobre a ampliación do camiño das Bestas (entre Piñeiroá e Cereixosaos).

#### **14.3.- Moción do BNG sobre a situación da Praza da Barboa.**

O señor Bande Cortizo da lectura á moción epigrafaada que é do seguinte teor literal:

##### **“MOCIÓN sobre a situación da Praza da BARBOA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A situación da praza da Barboa, unha das máis antigas do concellos, está comezando a ser moi preocupante. En primeiro lugar, o firme ten caída cara as casas situadas na marxe dereita da mesma, se nos situamos na estrada. Esta caída fai que a auga vaia cara as portas das casas, que nalgúns casos están nunha cota inferior a altura da praza, co risco de anegamento.

BARBOA



En segundo lugar, a canalización existente está obstruída, polo que é incapaz de absorber a auga que baixa do monte, incrementando o problema citado anteriormente. En terceiro lugar, o firme en algunhas partes da praza está totalmente desfeito, coma na parte alta da praza, co risco de afundimento das reixas existentes.

Polo exposto, o BNG de Láncara somete á consideración do pleno o seguinte:

##### **ACORDO**

Que o Alcalde deste Concello, con fondos propios e alleos realice as xestións oportunas para solucionar o problema existente, que consiste nunha canalización aproximadamente e 150 metros pola praza e a instalación de reixas nas entradas das casas (a prox. 10 metros) para evitar a entrada da auga nas mesmas.

O señor alcalde di que xa hai dous meses que encargamos este traballo a Eusebio. Non sei porque non o fixo aínda. O problema vai ser onde está o asfalto gastado.

Concluído o debate, o o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita moción do BNG sobre a situación da Praza da Barboa.

#### **14.4.- Moción do grupo municipal popular sobre o arranxo do camiño de entrada a Saa.**

O señor Cubillas Álvarez da lectura á moción epigrafada:

**“ARRANXO DO CAMIÑO DE ENTRADA A SAA**

Nestes momentos, Saa conta con dous accesos dende a estrada LU-636, pero só un deles está acondicionado e trátase do máis estreito, que non permite o paso de grandes vehículos.

Xa no Pleno do 24 de setembro de 2015 o PP de Láncara presentou unha moción de arranxo de diversos camiños no Concello, e entre eles facíamos incapé na necesidade do arranxo desta entrada ao núcleo de Saa, na parroquia de Cedrón. Daquela, a moción foi aprobada, pero visto que non se tomaron medidas ao respecto, volvemos a pedir a mellora deste acceso tan necesario para os vecinos. Ademais, adxuntamos memoria valorada para esta obra, demostrando que se trata dunha cantidade económica perfectamente asumible”.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “O que pide é básico e necesario, pero por qué volve presentar unha moción en marzo cando xa a presentou en setembro? Sabendo que os trámites administrativos son lentos”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Entendemos que se pode pedir colaboración da Deputación”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “A memoria valorada fíxose a instancia do PP de Láncara?”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Aínda está sen pagar, pero si”.

Do voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: “Pois hai que pararse un pouco máis, pois non sabemos se o presuposto é do camiño de entrada a Saa ou é o presuposto de abastecemento de auga do Concello de Viveiro, tramo depuradora de Landrove, centro urbano”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Pois ten razón. Hai unha errata, pero vese que as unidades de obra se corresponden co arranxo do camiño”.

Do señor alcalde: “Esta pista xa a pedimos a Medio Rural en decembro. Sacou unha nota de prensa dicindo que Medio Rural vai facer uns camiños en Cedrón, pistas no monte, e non se arranxan os accesos ás vivendas”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Hai distintas liñas de axudas, non confundas, hai axudas para accesos a explotacións, e axudas para acceso a zona forestal”.

Do señor alcalde: “Por ahí só pasa Telefónica para acceder ás antenas”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Ós veciños de Saa dalles igual de onde veñan os cartos”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Eu no seu lugar (diríxese ó señor Cubillas Álvarez) estaría todos os días chamando a Medio Rural, que se mollen o máximo posible”.

Do señor alcalde: “Santiago chamará para que non colaboren”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Cre o ladrón que todos son da súa condición”.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita moción do grupo municipal popular sobre arranxo do camiño de entrada á Saa, moción da que se dará traslado a Medio Rural.

#### **14.5.- Moción do grupo municipal popular sobre o arranxo e ampliación da ponte sobre o río en Armea de Arriba, na pista de acceso a Leirado.**

O señor Cubillas Álvarez da lectura á moción epigrafada que é do seguinte teor literal:

“ARRANXO E AMPLIACIÓN DA PONTE SOBRE O RÍO EN ARMEA DE ARRIBA, NA PISTA DE ACCESO A LEIRADO

A ponte que cruza o río fronte á igrexa de San Pedro, en Armea de Arriba, atópase nun estado lamentable de abandono: a barandilla dun lado está caída e a outra non está ben fixada. Ademais, a ponte presenta una anchura insuficiente para o paso seguro de grandes vehículos. Hai que ter en conta que é o acceso principal da aldea de Leirado, e tamén de moitas fincas das aldeas de Galegas, Vigo e de Armea de Arriba.





Por tanto, pedimos o arranxo e ampliación desta ponte, de xeito que se mellore a seguridade e a funcionalidade do mesmo. O PP de Láncara adxunta memoria valorada desta obra”.

Aberto o debate prodúcese as seguintes intervencións:

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Estamos de acordo. É esta unha memoria abreviada”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Faltanlle os planos”.

Do señor alcalde: “Fíase vostede desta memoria?. Necesita informe de patrimonio e autorización de confederación. Podemos enviala tamén a Medio Rural para pedir apoio económico”.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita moción do grupo municipal popular sobre o arranxo e ampliación da ponte sobre o río en Armea de Arriba, na pista de acceso a Leirado, moción da que se dará traslado a Medio Rural.


#### **14.6.- Moción do grupo municipal popular sobre o muro da rúa Castelao.**

O concelleiro do grupo municipal popular, señor Daniel Antonio Fernández Fernández, da lectura á moción epigrafada que é do seguinte teor literal:

“MOCIÓN para debatir no Pleno do 31 de marzo de 2016:

Pintado do muro existente ao comezo da rúa Castelao, en fronte ó CPI Ramón Piñeiro, ó carón das escaleiras que suben á igrexa. Trátase dun muro duns 40 metros de largo e unha altura media de 3 metros.





Por estar situado nun lugar tan visible, e no centro da vila, propoñemos a realización dun **Mural** que faga referencia á cultura, ás tradicións ou á historia da vila ou do concello.

Temos exemplos desto na parroquia de Monseiro”.

Aberto o debate prodúcese as seguintes intervencións:

Do señor alcalde: “Imos votar en contra, o muro non é municipal. Quen o vai pintar?”.

Do concelleiro do grupo municipal popular, señor Daniel Antonio Fernández Fernández: “Para iso é vostede o alcalde, eu non o vou a pintar. É unha proposta para debatir aquí”.

Do concelleiro do grupo municipal popular, señor Neira Castro: “Se ó alcalde lle gusta a proposta pode xestionar o permiso”.

Do señor alcalde: “Pintar ese muro costa uns 6.000 euros, máis 1.000 euros anuais de mantemento”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Claro que hai que falar cos donos do muro, igual se pode facer un concurso para pintalo”.

Do voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: “O do concurso é unha novidade, non o expoñen na moción”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Se no colexio se enteran que gastamos 6.000 euros en pintar o muro, e non se fai o chaflán que é unha obra de seguridade,... algo fallaría e non estaríamos a facer as cousas ben”.

Do señor alcalde: “Hai algún veciño que protesta porque se pinte un muro privado. Debemos ter coidado, se pintar os muros se pon de moda ....”

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por catro votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular e seis abstencións dos concelleiros dos grupos municipais socialista e mixto, en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita moción do grupo municipal popular sobre o muro existente ó comezo da rúa Castela.

#### **14.7.- Moción do grupo municipal socialista sobre a realización de actividades lúdico-deportivas.**

O concelleiro do grupo municipal socialista, señor Rodríguez Somoza, da lectura á moción epigrafada que é do seguinte teor literal:

##### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dado que a Xunta de Galicia ven de suprimir recentemente as subvencións que concedía ás entidades locais destinadas á realización de actividades lúdico-deportivas para os diferentes colectivos e asociacións,

##### **MOCIÓN**

Instar ó Concello de Láncara a poñer en marcha un programa destinado ós diferentes colectivos e asociacións existentes, no que se combinen diferentes actividades tales como ximnasia de mantemento, pilates, etc., e sempre que se garanta un número mínimo de participantes”.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo, di que hai un grupo de gaitas ó que se lle podería botar unha man.

O señor alcalde di que sempre terá que haber un mínimo de participantes, por exemplo dez, e de ahí dependendo do coste.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita moción do grupo municipal socialista sobre a realización de actividades lúdico-deportivas.

#### **14.8.- Moción do grupo municipal socialista sobre o servizo de correos.**

O voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón, da lectura á moción epigrafada que é do seguinte teor literal:

##### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Ante reiteradas queixas de veciñas e veciños de Láncara, pola calidade do servizo de Correos que se ven prestando, este Grupo Municipal, entende necesario reclamar á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos a recuperación dos servizos existentes neste Concello anteriores ás medidas de recorte efectuadas nos anos 2013, 2014 e 2015.

Durante este ano estase levándo a cabo un proceso de privatización dos servizos públicos, pero non se pode facer sempre a costa dos mesmos, que son os traballadores e os usuarios. Xa que logo, tampouco é razoable que se limite o tempo de apertura da oficina de Pobra durante unha hora (cando antes era de dúas), nin que tan poucas persoas fagan o reparto de correo, tendo en conta que a superficie do noso concello é de 121,7 km<sup>2</sup> e que conta con núcleos de poboación moi dispersos.

Por outra banda non se contrata persoal temporal para as substitución de vacacións. Este é o comportamento da Dirección de Zona e da Xefatura Provincial.

En consecuencia, esta perda de emprego e de servizos públicos, dificulta a realización do recorrido do reparto diario de correspondencia no noso Concello que incluso suprimiu algún dos existentes, sendo os máis perxudicados os veciños das parroquias e os distintos núcleos das zonas rurais.

Desta forma, incúmpease a Lei 43/2010 que regula o servizo postal universal, os dereitos dos usuarios e o mercado postal, que no seu artigo 24 “Condiciones de distribución y entrega de los envíos postales” recoñece que as entregas se practicarán, polo menos, todos os días laborables, de luns a venres.

Lamentamos profundamente que a Dirección de Zona e a Xefatura Provincial, dende a súa condición de empregados públicos e xestores dunha empresa pública e rentable coa encomenda de prestar un servizo público universal, o postal, non contribúan á mellora do emprego pese a que é totalmente necesario para que Correos cumpla coa súa obriga social.

Neste contexto o Grupo Municipal Socialista considera que estamos diante do progresivo desmantelamento do servizo de correos que desde a súa conversión na actual Sociedade Estatal Correos e Telégrafos de participación público-privada, actúa con ánimo mercantilista, obviando a súa función pública e de cohesión territorial para evitar a marxinación e desatención de poboación, especialmente daquela que vive no medio rural.

Polos motivos expostos solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

1º.-Demandar da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos a recuperación dos servizos existentes no concello de Láncara anteriores ás medidas de recorte efectuadas no ano 2013, 2014 e 2015.

2º.-Trasladar o acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios con representación no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.”

Continúa o voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón, dicindo que o que está a facer correos vai en detrimento do rural, non debemos privar deste servizo ó rural, está en perigo a oficina auxiliar de A Pobra, e isto con unha poboación tan envellecida... Creo que debemos trasladar esta cuestión á Xefatura Provincial, para o que pido o apoio do PP, curiosamente na Deputación Provincial votaron en contra.

O concelleiro do grupo municipal popular, señor Neira Castro, opina que a moción debería incluír que se amplíe o horario de apertura da oficina, polo menos unha hora máis. De 8:30 a 9:30 que é cando abre a maioría da xente está muxindo.

O concelleiro do BNG di que estamos perante un servizo social, a visita do carteiro axuda á xente do rural.

O concelleiro do grupo municipal popular, señor Neira Castro, volve a insistir que se pida que abra polo menos ata as 11:00.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita moción do grupo municipal socialista sobre o servizo de correos con inclusión da petición de ampliación de horario ata as 11:00 horas.

#### **15.- Asuntos de urxencia.**

O señor alcalde explica que hai unha moción do grupo municipal popular para solicitar fondos á Deputación Provincial. Inclúese este asunto por urxencia porque ao confeccionar a orde do día da convocatoria non estaba presentada no expediente deste pleno.

Sometido a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade de concelleiros asistentes, presta aprobación á urxencia da inclusión deste asunto na orde do día da convocatoria.

De seguido o voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, da lectura á moción do grupo municipal popular para solicitar fondos á Deputación Provincial de Lugo para levar a cabo diversas actuacións que é do seguinte teor literal:

“MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA SOLICITAR FONDOS A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA LEVAR A CABO DIVERSAS ACTUACIÓNS

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Ata este martes non se coñecía qué fondos destinaría este ano a Excm. Deputación Provincial de Lugo aos concellos da provincia, motivo que fixo imposible presentar esta moción con anterioridade, xunto coas outras mocións.

Finalmente, no pleno ordinario da corporación provincial celebrado o pasado 29/03/16, aprobouse o orzamento da Excm. Deputación Provincial de Lugo para o ano 2016 e unha modificación do orzamento vía suplemento de crédito con cargo ao remanente de tesourería de exercicios anteriores na que se contemplan entre outras as seguintes actuacións, aplicacións orzamentarias e importes:

Transferencias de capital a concellos

| Actuacións | Aplicación orzamentaria                              | Importe         |
|------------|------------------------------------------------------|-----------------|
| Outras     | Transferencias a outras Entidades Locais<br>9430.762 | 2.400.000,00 €. |

Transferencias correntes a concellos

| Actuacións | Aplicación orzamentaria                              | Importe       |
|------------|------------------------------------------------------|---------------|
| Outras     | Transferencias a outras Entidades Locais<br>9430.762 | 600.000,00 €. |

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Presentamos esta moción por urxencia para solicitar fondos á Excm. Deputación Provincial de Lugo, para financiar a realización de diversas actuacións necesarias e urxentes no noso concello e que benefician a todos os veciños.

As devanditas actuacións propostas polo noso grupo serían as seguintes:

- Instalación de Marquesinas en Puebla por importe de uns 4.000 €.
- Arranxo de camiños: Láncara-Vega de Outeiro, acceso a casa Champán, Ronfe-Sanamede, Cruce en Carracedo hasta casas de Osario e Carlos, e outros bacheos puntuais , por importe de 35.000 €.
- Realización da obra de entrada a Saa-Cedrón, exposta nesta sesión, por importe de 14.832 €.
- Realización da obra de arranxo e ampliación da ponte en Armea de Arriba, exposta nesta sesión, por importe de 25.974 €.

Tendo en conta que os recursos dos que dispón este concello son limitados e que a Excm. Deputación Provincial de Lugo acaba de aprobar o orzamento para o ano 2016 e unha modificación do orzamento vía suplemento



de crédito no que se recollen transferencias para as entidades locais resulta necesario solicitar colaboración a Deputación.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular de Láncara eleva ao Pleno da corporación municipal a presente **MOCIÓN URGENTE PARA SOLICITAR FONDOS A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA LEVAR A CABO AS SEGUINTE ACTUACIÓN:**

- Instalación de Marquesinas en Puebla por importe de uns 4.000 €.
- Arranxo de camiños: Láncara-Vega de Outeiro, acceso a casa Champán, Ronfe-Sanamede, Cruce en Carracedo hasta casas de Osario e Carlos, bacheados puntuales por importe de 35.000 €.
- Realización da obra de entrada a Saa-Cedrón, exposta nesta sesión, por importe de 14.832 €.
- Realización da obra de arranxo e ampliación da ponte en Armea de Arriba, exposta nesta sesión, por importe de 25.974 €.

E propónse a aprobación do seguinte ACORDO

Solicitar á Excm. Deputación de Lugo os fondos necesarios para financiar ditas obras”.

Aberto o debate prodúcese as seguintes intervencións:

Do voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: “(Amosa unha dobre páxina de El Progreso no que o PP anuncia os investimentos da Deputación Provincial de Lugo a vinte e dous concellos do PP da provincia) Non moves un dedo para que veñan recursos a Láncara, é máis, creo que das contraorde en Medio Rural para que non veñan axudas”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Sempre igual, se tiverades a mesma vehemencia que tedes en debater para traballar. Falar de quen ten a culpa de que non veñan recursos non conduce a nada”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Hai unha cousa que tedes que concederme, todo o que propoño me dices que o pida a Medio Rural”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Non volvo entrar neste tema”.

Do señor alcalde: “O día 12 ven o presidente da Deputación para ver as nosas necesidades. O presidente da Xunta nin me contestou, a consellería tampouco”.

O concelleiro do grupo municipal popular, señor Neira Castro: “Feijoó paga coa mesma moeda ó alcalde de Láncara, igual de Besteiro fixo con Eladio Capón”.

Do voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: “Igual Eladio Capón quedou con Besteiro e non cho dixo a ti”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Só pedimos 80.000 euros, ou vaino levar todo o teu compañeiro de pupitre a Becerreá?”.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita moción do grupo municipal popular para solicitar fondos á Deputación Provincial de Lugo para levar a cabo diversas actuacións.

## **16.- Rogos e preguntas.**

### **16.1.- Rogos**

O concelleiro do BNG señor Bande Cortizo, lembra que está pendente a roza do camiño que une San Paio e Casanova, xa se pediu no pleno de xaneiro.

O señor alcalde dille que estivemos pendente do tempo xa que choveu e de que o tractor andivo no Campo da Feira. Aproveito para dicir que mañá vamos probar unha máquina de desbroce nova, é de aluguer, non sabemos se funcionará.

O concelleiro do grupo municipal popular, señor Fernández Fernández, roga que á maior brevidade posible se actúe perante o estado de total abandono da vila, as rúas están sen varrer, os sumidoiros están sen limpar, as cunetas, un banco da pista de pádel, que non está fixado ó chan, e cada vez que hai vento, voltease e cae. Isto pode ser perigoso se hai nenos cerca, posto que é un banco grande e pesado. Ademáis o concello ten a obriga de velar polo mantemento correcto dos bens públicos, polo que pedimos que se tomen as medidas axeitadas para solventar dita diferenza.

O señor alcalde di que quen puxo o banco puido atornillalo. Xa está arranxado. Temos pouco persoal e non podemos contratar.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez di que se contrate a unha empresa, hai partida para iso.

#### **16.2.- Preguntas.**

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo formula as seguintes preguntas:

##### **Biblioteca municipal Pobra de San Xiao.**

Por qué a Biblioteca municipal Pobra de San Xiao non abre pola tarde? Habería algunha posibilidade de que poda abrir pola tarde dentro dun prazo curto de tempo?

O señor alcalde contesta que está aberta dende hai case un mes. Aténdea Toni.

##### **Información recibo da auga.**

Por qué nos recibos da auga, lixo e alcantarillado, emitidos polo Concello, xa non reflicten a información por conceptos, consumos, prezos e canon? Hai posibilidade que os recibos volvan a ofrecer esa información, que xa reflexaban os recibos no pasado?

O señor alcalde ofrece ós concelleiros información por escrito sobre esta cuestión, que é consecuencia da normativa SEPA.

##### **Contrato mantemento alumeado público.**

En novembro do pasado ano resolveuse o contrato de mantemento do alumeado público por un período de seis meses. Dentro dun par de meses vai vencer ese contrato. Vaise renovar ese contrato? Vaise facer un novo concurso para un contrato de maior prazo?

O señor alcalde di que teñen pensado facer un procedemento aberto.

O señor Bande Cortizo pregunta se por maior prazo.

O señor alcalde contesta que si.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, di que se invitaron a todas do contrato anterior máis unha de Sarria que resultou adxudicataria, o que supón favoritismos.

Do voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: “Santiago le a lei de contratos”.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Eu non falo de legalidade, falo de favoritismos”

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, formula as seguintes preguntas:

Na aldea de Sobrearriba, o pasado ano, andiveron arranxando o firme da rúa. Quedaran varios baches na entrada da aldea, sendo estes a parte que peor estaba. Por qué? Cando se vai reparar ese treito?

O señor alcalde dalle a razón.

No pleno do 24-09-2015 o PP de Láncara presentou unha moción para a colocación de chans acolchados nos parques infantís, a cal foi aprobada. Hai 6 meses desto e nada se fixo. Por qué? Cando se pensan colocar?

O señor alcalde dille que saíu unha orde de axudas e pedimos para Valdriz para unha pista multideporte.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Falamos de 5 metros cadrados de solo”.

Do señor alcalde: “Que a Xunta nos aprobe algunha subvención”.

Fora da orde do día, e unha vez levantada a sesión, un representante da Urbanización Valdriz expón os problemas que padecen en nome de todos os veciños.

---

E non sendo outro o obxecto deste debate levántase a sesión ás vinte e dúas horas, do que eu, secretaria da Corporación redacto a presente acta, dou fe.